

O Museo de Historia Natural “Luis Iglesias”

Ánxela Bugallo Rodríguez e Francisco J. Leonardo Docanto

ORIXE

O Museo de Historia Natural “Luis Iglesias” da Universidade de Santiago constitúe o conxunto de patrimonio histórico-científico máis importante de Galicia e permite, a través das súas diversas coleccións, facer un percorrido polo labor dos máis ilustres científicos galegos dos séculos XIX e XX.

Trátase do único museo de Historia Natural existente en Galicia e é continuador do Gabinete de Historia Natural da universidade compostelá, creado durante o curso 1840-1841 polo científico galego Antonio Casares Rodríguez. O Gabinete tiña como finalidade o ensino da materia de Historia Natural, imprescindible na época para emprender a carreira de Medicina.

Os primeiros exemplares do futuro museo foron preparados polo propio Casares, reunindo obxectos de Zooloxía existentes na Universidade, comezando a formación dun herbario e depositando parte da súa colección de minerais, aos que engadiu pezas de coleccionistas particulares. No ano 1845 realízase a primeira compra de material científico, a colección de “animais-tipo”, base do Gabinete de Zooloxía.

En 1847 a sección de Mineraloxía do Gabinete recibe a entrada dunha das coleccións máis valiosas que atesoura na actualidade, a colección de modelos cristalográficos do abade René-Just Haüy, que constaba de 1024 figuras que representan as formas regulares correspondentes ás variedades cristalinas de cada especie mineral.

Pouco a pouco, o Gabinete vai gañando pezas, alternando épocas de maiores incrementos, como o do ano 1845 ao 1857, con outras de brusco descenso, como entre 1857 e 1877. Na historia da entidade rexístranse tamén períodos nos que se produce a perda incluso de coleccións completas, como o que vai de 1880 a 1911, no que a falta de interese, a infrautilización das coleccións e a diminución dos investimentos precipitan o declive do Gabinete.

No ano 1867 suprímese a Facultade de Ciencias e non se restablece ata o 1922, data na que o encargado do Museo é Luis Iglesias Iglesias, quen vai xogar un papel importante na vida desta institución. Durante a súa dirección continúa a formación da Sección Rexional do Museo, formada por aves e mamíferos de Galicia, e chegan fondos de orixe americano procedentes da “Biblioteca-Museo América”.

No ano 1927 chega a primeira parte da colección de minerais elaborada polo médico vilagarcían José Viqueira Barrio, que se completa entre os anos 1930 e 1939.

A chegada da Guerra Civil e o triunfo dos fascistas provoca o afastamento da Universidade de importantes científicos galegos, como é o caso de Isidro Parga Pondal, moi ligado a este Museo. A colección de rochas de Galicia depositada nesta entidade ten as súas bases en mostras doadas por Parga. Tamén se atopan expostas as súas coleccións de rochas dos Alpes Suízos e a dos primeiros fósiles recollidos en Galicia.

En 1956 constrúese a nova Facultade de Ciencias, hoxe Facultade

de Química e sede actual do Museo. Cinco anos máis tarde realízase o traslado do gabinete desde o antigo edificio da Universidade, na actualidade Facultade de Xeografía e Historia, á súa nova localización no campus sur. Neste novo local colócanse as coleccións existentes na orde que, en termos xerais, se mantén na actualidade, coa división en tres salas, dúas de zooloxía e unha de mineraloxía.

O profesor Luis Iglesias retírase no ano 1965, logo de ser director do Museo de Historia Natural durante máis de 45 anos. Ese mesmo ano por acordo da Facultade de Ciencias, dá-selle o seu nome ao Museo.

Na actualidade esta institución segue a gañar importantes coleccións, resultantes de investigacións nos departamentos universitarios e tamén de doazóns de particulares, como é o caso dunha das coleccións malacolóxicas máis importantes do mundo, a do doutor Emilio Rolán Mosquera, formada por cerca de un millón de cunchas.

A continuación detállanse algunhas das coleccións do Museo:

COLECCIÓNS ZOOLOXICAS

• A colección orixinal

O primeiro catálogo coñecido dos exemplares zoolóxicos do Gabinete de Historia Natural elaborouno Casares Rodríguez en 1841, froito de inventariar as escasas pezas reunidas existentes na Universidade. Este listado numera un total de 32 mostras que reflicten os escasos recursos cos que se iniciou o futuro museo.

Lamentablemente, desta colección orixinal só se conserva un número moi limitado de exemplares, curiosamente dos máis raros, como son a defensa dun peixe serra, dous cornos de rinoceronte e un dente de babirusa.

• A colección de “animais-tipo”

Representa a primeira compra de exemplares para o Gabinete e realízase en 1845, cando o por aquel entón reitor Juan José Viñas viaxa a París para mercar esta colección na casa de material científico *Mll. Niodor*. As pezas, seguramente seleccionadas por Casares Rodríguez, representaban, nun total de 76 exemplares (57 aves, 14 mamíferos e 5 réptiles), a variabilidade existente no mundo animal. Ao ser “especies representativas” dos principais xéneros e ordes, permitían o estudo da Taxonomía e Sistemática, imprescindibles na materia de Historia Natural.

• A colección malacolóxica de Gerónimo Piñeiro de las Casas

Chega ao Gabinete en 1845, regalada polo autor da colección. Na actualidade consta de 863 exemplares e 2 valvas de gran tamaño, procedentes de Europa, Filipinas e doutras partes do mundo.

• As coleccións de peixes secos

No Museo “Luis Iglesias” atópanse tres destas coleccións, procedentes do século XIX. Son a do insigne naturalista ferrolán Víctor López Seoane, a do catedrático José Planellas y Giralt e a de peixes de Francia. A estas coleccións engadíronse posteriormente pequenas



Foto 1: Exemplar de escarpote da colección López Seoane

doazóns, coas que forman un conxunto de 142 curiosos exemplares, a maioría deles preparados antes do descubrimento das propiedades conservantes do alcol.

• A colección da *Estación de Biología Marina* de Santander

A colección chega ao Gabinete tras ser solicitada en 1911 polo entón catedrático de Historia Natural, Antonio García Varela, á *Estación Biológica de la Nación* situada en Santander. Esta institución foi o primeiro centro de estudos mariños fundado en España. Dela provén esta colección de invertebrados mariños conservados en alcol, a maioría dos cales proceden das costas de Santander e que se pode ver, case na súa totalidade, neste Museo.

• A colección de anfibios e réptiles do *Field Museum of Natural History* de Chicago

Procedente do intercambio de coleccións con este Museo de Chicago, consta de 77 exemplares

de anfibios e réptiles, recollidos a maioría entre os anos 1930 e 1940, e orixinarios principalmente de Estados Unidos.

• A colección malacolóxica de Adriano López Morillo

O xeneral López Morillo comixinou a súa carreira militar cunha grande afección á malacología, froito da cal nace esta colección. A maioría das cunchas proceden de Cuba, Porto Rico e Filipinas, mais tamén aparecen mostras das costas europeas, do litoral galego e doutras partes do mundo. A colección, doada no 1914 á Universidade de Santiago de Compostela pola súa viúva, está formada por 2.378 exemplares completos e 17 valvas.

• A colección zoolóxica da Biblioteca América

Orixe da maior parte dos fondos americanos do Museo, a Biblioteca América foi fundada en 1904 en Bos Aires polo emigrante galego Gumerindo Busto. Os principais envíos



Foto 2: Socociño da colección de aves da Biblioteca América

desta colección zoolóxica chegan a Compostela entre os anos 1924 e 1935. Na actualidade, a colección conta con 196 exemplares de aves, 7 de mamíferos e 3 de anfibios e réptiles.

• A colección de mamíferos e aves de Galicia

Os primeiros exemplares desta colección, recollidos no século XIX por Casares Rodríguez e polos seus

alumnos, foron incorporados á colección de "animais-tipo". No século seguinte, estes exemplares van ser utilizados, xunto con outros novos, para formar o *Museo Regional*, dedicado á fauna galega. Moitas das novas incorporacións foron preparadas polo taxidermista Santiago Vez Quijano. Resultado desta colección son as 281 aves e os 46 mamíferos galegos, situados na actualidade na Sala 2 do Museo.

• A colección de fauna mariña de Galicia

Como consecuencia das investigacións de estudos taxonómicos, na actualidade chegan a esta institución importantes coleccións, como a de peixes de Galicia en alcol, realizada por Manuel Rodríguez Solórzano e formada por 151 especies de peixes mariños, ou as coleccións de fauna mariña de Galicia en alcol, con 224 especies, e a de equinodermos e crustáceos en seco, formada por 52 equinodermos, 78 crustáceos e 24 curiosidades mariñas, ámbalas dúas realizadas baixo a dirección do profesor Victoriano Urgorri Carrasco.

• A colección de insectos do profesor Luis Iglesias Iglesias

A parte do seu cargo no Museo, Iglesias foi director do *Laboratorio de Fitopatología y Consultorio de Plagas del Campo*. Destas investigacións provén esta colección, formada por máis de 6.000 exemplares, preparados e identificados, na súa maioría capturados polo propio Iglesias.

• A colección malacolóxica Rolán

A derradeira colección en chegar ao Museo é unha das máis importantes, tanto en número de exemplares coma no seu valor. Trátase da colección de cunchas do doutor Emilio Rolán, un dos máis importantes especialistas en malacología do mundo.

A súa colección, iniciada a partir de 1963 e que continúa a medrar hoxe en día, conta con aproximadamente un millón de cunchas de lugares tan afastados coma África occidental, o Caribe ou o Pacífico



Foto 3: Exemplar da colección Rolán

Sur, mais tamén contén exemplares galegos e da Península Ibérica. A colección tamén inclúe 1.650 preparacións de rádulas (órgano duro que lles serve aos moluscos para alimentarse, ao movelo adiante e atrás, como unha raspa), cerca de 20.000 debuxos e fotografías, 4.600 publicacións, 23.000 fichas e 20.000 cartas e mensaxes.

COLECCIÓNS XEOLÓXICAS

• A colección dos modelos cristalográficos de Haüy

Este conxunto de pequenas figuras de madeira é unha auténtica xoia do patrimonio científico, xa que só existen dúas coleccións como esta no mundo. A do Museo, formada orixinalmente por 1.024 pezas, conserva na actualidade 1.000 exemplares. As figuriñas foron fabricadas baixo a dirección do abate René Just-Haüy (1743-1822), quen se encargou personalmente de etiquetalas e de medir os seus ángulos.

Haüy foi un dos pais da mineraloxía científica contemporánea e un dos fundadores da Cristalografía, ciencia que estuda os corpos sólidos e as leis que gobernan o seu crecemento, forma externa e estrutura interna.

Os modelos empregáronse para facilitar o estudo das formas máximas de cristalización das diversas especies minerais, nunha época na que os métodos para analizar a composición dos minerais, base da clasificación actual dos mesmos, daba os seus primeiros pasos.

• A colección de minerais de Galicia

Iniciada a base de préstamos de diversos persoaxes, entre eles o propio Casares, continuouse por medio de recollidas de exemplares e de diversas doazóns. Ao longo do tempo sufríu perdas e desorganizacións, ata chegar aos 327 exemplares actuais dos que máis da metade corresponden a doazóns de particulares.

Dentro desta colección inclúen-se os minerais aportados polo ilustre

xeólogo Isidro Parga Pondal, procedentes das súas investigacións e de regalos das súas amizades.

• A colección de minerais de José Viqueira Barrio

Elaborada ao longo de 40 anos, a colección mineralóxica Viqueira procede de compras a casas europeas de material científico, de exemplares recollidos polo propio autor e de donativos de particulares.

A colección está formada por 818 minerais, en xeral de gran pureza. Nela están representados case a totalidade das variedades minerais existentes e moitos dos exemplares aparecen en forma de cristais, polo que a colección é moi útil para o estudo da Mineraloxía e da Cristalografía. Todas estas cualidades convirten a este conxunto nunha colección de grande calidade e valor, e tamén nunha das coleccións máis fermosas do Museo.



Foto 4: Exemplar da colección Viqueira

• A colección de rochas dos Alpes suízos

Isidro Parga Pondal realiza os estudos de doutoramento en Zurich, onde aproveita para participar en excursións aos Alpes dirixidas polo profesor Staub. Probablemente, estas

excursións son a orixe desta colección, incorporada ao Museo no ano 1930 e formada por 144 pezas, reflexo da xeoloxía da zona.

- **A colección de rochas de Galicia de Isidro Parga Pondal**

En 1936, Parga Pondal inicia unha serie de itinerarios por Galicia coa intención de obter rochas representativas dos principais afloramentos petrolóxicos galegos. Estes exemplares son a base da actual colección de rochas de Galicia do Museo.

- **A colección de fósiles de Galicia**

Forman parte desta colección os primeiros fósiles de mamut recollidos en Galicia. Proceden de Buxán (Lugo) e foron doados en 1963 ao Museo "Luis Iglesias" por Parga Pondal. Entre estes restos atópase un moar completo de mamut, na actualidade bastante ben conservado.

COLECCIÓNS BOTÁNICAS

- **A colección de madeiras da Illa de Cuba**

Formada orixinalmente por 212 mostras correspondentes aproximadamente a 168 especies, esta colección chega ao Gabinete antes de 1857, regalada por José González Olivares e presenta especies vexetais moi diferentes representativas dos hábitats da illa, xunto con especies introducidas para o cultivo.

- **A colección de macromicetos de César Sobrado Maestro**

Considerada a primeira micoteca galega, foi elaborada por Sobrado

Maestro, verdadeiro iniciador do estudo dos fungos superiores en Galicia. As mostras, conservadas en formol, aparecen na actualidade acompañadas da colección de modelos elaborados polo profesor universitario Fernando Cobo Gradín.

- **O herbario pedagóxico de Baltasar Merino**

Chega á Universidade a principios do século pasado, regalado polo insigne xesuíta Baltasar Merino con finalidade didáctica. Consta de 2.028 pregos, ordenados taxonomicamente e correspondentes a 516 xéneros representativos da flora galega.

- **A colección de froitos e sementes da Biblioteca América**

Gardados en curiosos frascos, os exóticos exemplares desta colección foron obxecto dunha doazón en 1934 da *Comisión Protectora de Buenos Aires* e na actualidade consta de 37 mostras procedentes case que exclusivamente de Arxentina.

- **O herbario de algas mariñas**

O Laboratorio de Algas Mariñas da Universidade de Santiago é o artífice desta colección, elaborada por encarga do Museo. Preparado no ano 1987, consta de 161 especies de algas, a maioría delas galegas, mais tamén hai algún exemplar do Mediterráneo.

COLECCIÓNS DE ANATOMÍA COMPARADA

- **A colección de pezas óseas**

Usada para estudar as pezas óseas dos animais e comparalas en-

tre si, esta colección ten a súa orixe nunha compra realizada en 1850 que se compoñía de 14 esqueletos de diferentes especies representativas de distintos tipos zoolóxicos, e dos que na actualidade se conservan once. A estas pezas se lles foron engadindo máis exemplares ao longo do tempo, incluídas pezas humanas, pois a nosa especie non era excluída destas comparacións.

- **A colección de modelos e figuras clásicas**

Esta colección agrupa representacións tanto do mundo vexetal coma do mundo animal. Na súa maior parte proceden de compras a casas de material científico, a primeira delas realizada en 1850, e eran utilizadas con fins didácticos no Gabinete. Moitos destes modelos poden desmontarse en numerosas pezas, permitindo estudar a simple vista o interior dos exemplares.

ACTIVIDADES DO MUSEO

Na actualidade o Museo "Luis Iglesias" está dividido en tres salas. Na primeira pode observarse unha representación da fauna mundial, con exemplares de tódolos continentes e unha parte dedicada á fauna mariña onde se mostra, entre outras cousas, a evolución na maneira de conservar os exemplares.

Na segunda sala atópase unha mostra da fauna galega na que se representan os animais nunha forma distinta de preparación, os dioramas. Neles trátase de representar os exemplares no seu hábitat, así como de ensinar os seus comportamentos característicos ou a súa alimentación.

A terceira sala está dedicada á xeoloxía, coas coleccións de minerais, rochas e fósiles, xunto a unha pequena parte con exemplares do reino vexetal e a micoteca de Sobrado Maestro.

Esta entidade recibe durante todo o ano numerosas visitas de grupos de todas as idades, guiadas se así se solicita previamente. Deste xeito chegan ao museo alumnos de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato. O Museo ten elaborada unha unidade didáctica para que estes visitantes poidan aproveitar mellor a súa visita. Os exercicios, divididos en catro apartados (fauna mundial, fauna galega, xeoloxía e botánica) complétanse facilmente ao ler os paneis expostos ou as etiquetas que acompañan aos exemplares.

O Museo tamén recibe visitas de alumnos universitarios. Moitos veñen da Facultade de Bioloxía, para observar directamente as características de animais, minerais e rochas, co obxecto de superar os exames de diversas materias. Posteriormente moitos destes biólogos volven a esta institución para continuar aprendendo os nomes e as características das mostras para presentarse a diversas

oposicións. Tamén acuden estudantes doutras carreiras, ben porque diversas clases prácticas son impartidas no Museo, ou ben para realizar traballos que completen a súa formación. Tal é o caso dos alumnos de Historia da Arte, Pedagogía, Química, etc.

Grupos de idades máis avanzadas tamén visitan esta entidade, coma asociacións de veciños, asociacións de amas de casa...

Debido ao cada vez máis limitado espazo do Museo, este organiza diversas exposicións temporais para ensinar os seus fondos. Algunhas destas mostras organízanse para presentar ao público novas coleccións que chegan ao Museo, como foi o caso da exposición “Un mundo de formas e cores: a colección malacolóxica Rolán”, na que se amosou unha pequena parte das cunchas que conforman esta colección. Outras prepáranse para ensinar algunhas coleccións non expostas no Museo, como foi o caso da mostra “As algas na nosa vida”, onde se exhibiu o herbario de algas, así como moitos dos usos que se lles dan a estes vexetais. Noutras ocasións as pezas do Museo utilízanse para ilustrar exposicións

de temas de interese, como foi o caso de pezas da colección Viqueira que acompañaron a exposición “Os usos da sílice: do Paleolítico aos ordenadores” ou a de “Minerais industriais de Galicia: orixe, transformación e uso”.

O Museo tamén foi o encargado de levar a cabo exposicións permanentes, coma a mostra “A ruta das pedras”, reflexo da diversidade xeolóxica galega a través de varias rochas de gran tamaño, nas que se indica a súa idade e o seu lugar de procedencia. Na actualidade esta exposición pode contemplarse no parque eólico experimental “Sotavento”.

Nos últimos anos corríronse certas carencias que arrastraba o Museo, coma a falta de luz ou o pouco coitado na presentación dalgúns exemplares. Entre outras cousas, engadíronse puntos de luz, limpáronse moitos dos exemplares, cambiouse o medio conservante de moitas das mostras conservadas en alcol, así como os frascos que as contiñan, realizouse un novo etiquetado, renováronse gran parte das vitrinas e reordenáronse algunhas das coleccións para conseguir unha disposición máis didáctica.